



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CABEIRO,
QUE SE CELEBROU O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2014**

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobado, no seu caso, a acta anterior
- 2 Informar do estado das actuacións realizadas na parroquia con cargo aos orzamentos participativos do ano 2014
- 3 Propostas de actuacións a realizar con cargo aos orzamentos participativos do ano 2015
- 4 Varios

No Centro Cultural de Cabeiro, sendo as vinte horas e quince minutos, do día vinte e seis de novembro de dous mil catorce, previa convocatoria e baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde, da concelleira ANA MARIA ALONSO ALONSO reuníronse os/as seguintes representantes:

DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

M.^a JOSÉ BARCIELA BARROS, representante do grupo municipal do PP

INÉS BASTOS ALONSO, representante do grupo municipal do PSdeG – PSE

PAULO MEDAL FIEL, representante do grupo municipal de AER

DAS ASOCIACIÓNS CULTURAI:

AMANTE ROMERO ÁLVAREZ

DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

CESÁREO ÁLVAREZ LAGO

DAS AAVV:

MANUEL BASTOS BASTOS

CONSTANTE ÁLVAREZ ÁLVAREZ



CONCELLO DE REDONDELA

DA COMUNIDADE DE MONTES;

SABINO AMOEDO DACOSTA

INCIDENCIAS: Non asistiron: MARÍA DOLORES PAZOS OTERO, representante da asociación de Mulleres, dona M.^a ÁNXELES BABARRO FERNÁNDEZ, representante do grupo municipal do BNG, don MANUEL FERNANDEZ ÁLVAREZ, representante das asociacións deportistas e don RAFAEL CASTRO CASTRO, representante da comunidade de augas.

Todos/as eles/as asistidos/as de min, a funcionaria de carreira do Concello, M.^a Goretti González Enes que actúa como secretaria, e que da fe do acto, coa finalidade de celebrar a xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Cabeiro convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

A presidenta declara aberta a sesión, pasándose a tratar os puntos da Orde do Día.

1 APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA ANTERIOR

A presidenta dá conta da acta da sesión anterior preguntando aos membros do Consello se teñen algunha observación que facer.

Non habendo ningunha observación ao respecto, o Consello Parroquial de Cabeiro, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobou á acta da xuntanza anterior, correspondente á celebrada con carácter ordinario, o día 16 de outubro de 2014.

2 INFORMAR DO ESTADO DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS NA PARROQUIA CON CARGO AOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS DO ANO 2014

A presidenta inicia a súa intervención informando do estado da obra que se está realizando con cargo aos orzamentos participativos do 2014.

A continuación, M.^a José Barciela Barros informa de que o dono do terreo solicitou que se lle fixera a cimentación, pero a cantidade destinada á obra (13.500€) non é suficiente para facer todo o traballo que pide.



CONCELLO DE REDONDELA

Indica que o Concello fará a obra ata chegar aos 13.500€ do orzamento participativo e o resto da obra que falta por completar (20 metros), farase á cargo da Comunidade de Montes (2.904€) e á cargo do dono do terreo.

Constante Álvarez Álvarez indica que lle van solicitar ao construtor que faga as cunetas en “V”.

Ao respecto, a concelleira M.^a José Barciela Barros informa que o Concello vainas facer de media caña pero que se pode falar co aparelador para que analice se se pode modificar o proxecto e adaptalo así á solicitude que lle presentan.

Sabino Amoedo Dacosta intervén dicindo que é para evitar danos nos coches así como que falicitaría á limpeza das cunetas aínda que poida que custe máis cas previstas no proxecto.

3 PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS A REALIZAR CON CARGO AOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS DO ANO 2015

A presidenta do Consello solicita que lles trasladen as propostas de actuacións na parroquia para o ano 2015.

A concelleira M.^a José Barciela Barros indica que a premura é para tratar de adiantar os traballos, evitando así, na medida do posible, que se atrasen os proxectos..

Amante Romero Álvarez di que precisan reunirse para falar e determinar cales son as propostas.

Intervén Paulo Medal Fiel dicindo que se debería saber con anterioridade cal é a cantidade destinada aos orzamentos participativos para o ano 2015.

A presidenta di que o máis probable é que sexa a mesma que a do ano 2014.

M.^a José Barciela Barros intervén dicindo que estes asuntos deben tratarse con tempo suficiente xa que hai que coñecer que actuacións se solicitan, comparalas coas solicitadas polas demais parroquias, por se requiren cousas similares e xestionalas así dun modo máis efectivo.



CONCELLO DE REDONDELA

Os membros do Consello indican a posibilidade de que unha das propostas sexa a de facer obras nos terreos da Comunidade de Montes sitos no Cemiterio, onde a 2.^a entrada do aparcadoiro, xa que a esta é estreita, polo que sería preciso facer un anaco de muro ata onde dea.

A concelleira M.^a José Barciela Barros di que pode ir co aparelador para facer unha valoración aproximada da obra.

Outra posible proposta sería realizar obras no Camiño do Campiño, polo que se propón ver cal das dúas opcións sería máis factible para facelas con cargo aos orzamentos.

A continuación intervén Paulo Medal Fiel dicindo que sería recomendable saber que é o que prevé facer o Concello na parroquia con cargo aos orzamentos do Concello.

A presidenta responde que o Concello fará un estudo para saber que necesidades existen nas parroquias, pero que as actuacións que realice van depender de se se aproban os orzamentos do 2015, estando previsto que as cantidades do orzamento que queden sobrantas poderán atribuírse á inversión.

Se os orzamentos se prorrogan non se poderían facer xa que non quedarían cartos dispoñibles, salvo por medio dunha subvención.

Sabino Amoedo Dacosta comenta que é unha barbaridade que se lle cobre o IBI ás casas culturais, debendo buscar fórmulas legais para regulalo.

A presidenta di que probablemente no mes de febreiro traten de modificar algunhas ordenanzas para engadir bonificacións, indicando que sería beneficioso que se buscaran formas de facer unha xestión máis eficaz dos cartos das Asociacións.



CONCELLO DE REDONDELA

4 VARIOS

Ana M.^a Alonso Alonso intervén indicándolle ao representante de AER, en relación a instancia que presentaron e na que solicitaban información sobre o empate que houbo no expediente de contratación para o saneamento de Cambeiros, que se adxudicou á empresa Construcións Dios.

Respecto aos saneamentos que o Concello vai realizar, a presidenta indica que farán o de Cambeiros, Quirincosta así como asfaltar un camiño en Negros.

A continuación, M.^a José Barciela Barros presenta aos membros do Consello o proxecto de mellora da rodadura e rede de pluviais do Camiño da Graña, co custe que suporía e os planos da obra.

Amante Romero Álvarez reitera que o Concello lle debe esixir ás empresas que deixen ben as obras para evitar os problemas que xurden a posteriori. Tamén lles informa de que en Serauga aínda están depositados canos dos saneamentos, formigón, etc, e que habería que retiralo.

A continuación, dá traslado das reclamacións pendentes:

- 1º- Saneamento na Quirincosta e Camiño dos Cambeiros, entre outros.
- 2º- Facer tramo de saneamento no lugar das Fontiñas para solucionar os vertidos a dita fonte, xa se ten autorización dos propietarios das catro casas existentes
- 3º- Camiño da Graña solucionar o mal estado e facer arqueta
- 4º- Camiño dos Covelos, ten o firme en moi mal estado, queixa dos veciños
- 5º- Cuneta do camiño da Igrexa, desfeita, queixa dos veciños
- 6º -Camiño do Eido Vello, piden facer cunetas e reparar a parte alta
- 7º- Taboleiro de anuncios, no parque e na marquesina dos Mangoeiros
- 8º- Camiño da Coutada Vella, darlle solución a saída de augas tubo atascado
- 9º- Muro fronte o aparcafoiro da casa Brava casa de Carlos dona o terreo
- 10º- Sinais de Tráfico na Parroquia
- 11º- Camiño das Coviñas asfaltar
- 12º- Camiño dos Cambeiros, vertidos polo camiño necesita aceras ou algunha solución.
- 13º- Camiño do Barras, asfaltar tramo de muro retirado.
- 14º Tramo de cunetas do camiño do Lago, lado transformador perigosas



CONCELLO DE REDONDELA

15º Instalar marquesina no colexio público de Portocabeiro, petición feita polos nenos/as do Instituto de Redondela que teñen a parada nese lugar.

16º- Camiño do Campiño dende o Río ata o alto cunetas en moi mal estado

17º- Tramo de cuneta en mal estado, no camiño do Campiño, a 50 metros do transformador con dirección o cemiterio, hai que trasladar a cuneta o muro recién feito, as augas desbordan polo camiño, os tubos de desagüe son de pouco diámetro, os veciños da parte baixa queixanse das continuas inundacións que sofren dentro das súas propiedades.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta remata a reunión, sendo as nove horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

ANA M^a ALONSO ALONSO

M.^a GORETTI GONZÁLEZ ENES